

## SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2020

### COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

#### Preguntas do PP

**1ª pregunta.** Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Nos últimos días vimos como dende a Concellería de Desenvolvemento Socioeconómico se publicita o programa “*Son de Bares*”, como actividade que pretende a reactivación da hostalería e o comercio do noso municipio, programa do que se resalta que “*O concello deberá patrocinar e coordinar as actuacións.*”

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico en que consiste ese labor de patrocinio e coordinación, así como cal vai ser a intervención total do concello no dito programa.

O señor alcalde contesta que hoxe mesmo se enviou a copia das dúas preguntas para que o concelleiro conteste o antes posible.

**2ª pregunta.** Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Á vista da posta en marcha do dito programa (“*Son de Bares*”), desde o Grupo Municipal Popular se pregunta polo custo económico que os ditos labores de patrocinio e coordinación van supoñer para as arcas municipais, e no caso afirmativo, partida orzamentaria prevista para sufragar os gastos deste programa.

O señor alcalde contesta que, como no caso anterior, deuse traslado ao concelleiro da pregunta presentada para que a contesta o antes posible.

**3ª pregunta.** Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Nos últimos días volvemos ler nos medios de comunicación a idea do goberno local de asinar un convenio con particulares que, ao parecer, ten intención de investir en torno a 1,3 millóns de euros dos 3 millóns que custaría a rehabilitación das casas de Bailly no ámbito da Nacional VI. Do que non se informa, entre outras grandes incógnitas, é do custo que o dito convenio vai supoñer para as arcas municipais.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao concelleiro competente, sobre o custo que para as arcas municipais vai supoñer tanto o dito convenio, como a rehabilitación prevista no seu conxunto.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Obras, contesta que gasto para o concello, nada.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE,  
MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

**Rogos do PP**

**1º rogo.** Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Veciños da parroquia do Temple dirixíronse ao Grupo Municipal Popular para poñer no seu coñecemento a situación de inseguridade existente na praza Uxío Novoneyra. Refiren así mesmo a existencia de actos vandálicos contra o patrimonio público e privado da mencionada praza, chegando incluso a romper paneis do teito e paredes dos soportais alí existentes, deixando ao descuberto as canalizacións de subministración como a luz ou o gas, co perigo que iso entraña ademais do importante gasto en reparacións que están xerando aos veciños do lugar coas continuas reparacións.

Tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, os baixos dos referidos soportais atópanse cheos de pintadas, a sucidade campa ás súas anchas e os danos son evidentes. A iso debe sumarse a inseguridade creada polos seus presuntos autores, que chegan a enfrontarse aos veciños cando se lles recrimina a súa actitude, como ouriñar nos portais, romper distintos elementos ou increpar aos viandantes. De aí que veciños cheguen a afirmar que se consideran *“prisioneiros nas súas propias casas”*, xerando un malestar que leva varios anos sen solucionarse e que é necesario resolver de maneira definitiva con carácter urgente.

Por iso dende o Grupo Municipal Popular se interesa que se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos e lograr unha maior seguridade cidadá en toda a zona, adoptando medidas como unha maior presenza policial no lugar e os seus arredores, como primeira medida de seguridade.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo.

Don Juan María Abalo Castex manifesta que este domingo entraron no garaxe e estragaron tres coches. Fai relación da inseguridade que manifestan os veciños, segundo din que dende hai 12 anos levan presentando escritos, non a esta Corporación, senón tamén ás anteriores.

Dona Elisa Pestonit Barreiros explica que no mes de setembro ou outubro tivo unha reunión cos veciños, acompañouna o xefe da Policía Local, e tamén anteriormente o alcalde. Sabe o que pasa, a Policía foi varias veces incluso de paisano. Houbo que se pillou a algúns, eran veciños do propio edificio, menores de idade, e respecto dos roubos nos coches hai unha investigación aberta da Garda Civil, hai unha gravación, e parece ser que non son os mesmos, difiren bastante na idade. Conclúe que está en investigación da Garda Civil.

O señor alcalde indica que nas prazas hai vixilancia.

**2º rogo.** Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Veciños e transeúntes do camiño de San Antonio, na cambresa parroquia de Anceis, alertan do derrubamento de varias fincas que invadiron as cunetas e a beiravía existente no camiño, co perigo que iso supón non só para peóns senón tamén para o tráfico rodado, tal e como se advirte das fotografías que se achegan.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se requira que pola concelleira competente se adopten as medidas oportunas para resolver os problemas de seguridade viaria advertidos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que xa foi un técnico á zona. Cando hai un derrubamento o que fai o concello é liberar o camiño e despois se lle require ao propietario. Pasouse a Urbanismo o 13, pode ser que coas choivas posteriores volvera caer. Di que llo pasarán a Urbanismo, pero xa está en trámites de solución.

### Rogo do C's

**Único.** Lee o rogo dona María José García Hidalgo

Na estrada que vai cara ao campo de fútbol de Lendoiro, A Barcala, á altura da empresa Frisonoble atopábase este domingo a beiravía sen reixa. Aínda que si estaba sinalizado con conos, como se aprecia na foto, non deixa de ser urxente a súa colocación, por tanto rogamos que se a día de hoxe non se ten colocado, se proceda á maior brevidade posible.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, explica que o problema é que non o ten que reparar o concello, senón o dono ou dons, pois é un acceso a unha propiedade privada. Poñeranse en contacto con eles.

Dona María José García Hidalgo pregunta por que lle proporcionan os tubos e o material e non lle proporcionan a reixa. Por que o concello lle proporciona o material a unha persoa, pero non lles dá a reixa.

Dona Elisa Pestonit Barreiros contesta que o descoñece.

Dona María José García Hidalgo sinala que xa lle informarán.

### Preguntas do PP

**1ª pregunta.** Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Nas comisións informativas do pasado mes de xaneiro o Grupo Municipal Popular preguntou á concelleira competente, ante a preocupación demostrada polos veciños do lugar, sobre o perigo que presentaba unha árbore situada nas inmediacións do parque infantil de Altamira, cuxa inestabilidade ameazaba aos seus usuarios.

Recoñecido o perigo e a necesidade de tallar a dita árbore, o certo e verdade é que un mes despois a dita árbore segue sen tallar e o perigo segue existindo, esta vez aumentado, non só polo tempo transcorrido, senón porque hai outras árbores que tamén presentan ramas con risco de caída.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte á concelleira competente se hai intención de resolver o problema advertido e, en caso de ser así, cando está prevista tal intervención.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que está o contrato menor en tramitación. Agarda que se non é esta semana, estea solucionado para a seguinte.

**2ª pregunta.** Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Veciños de Altamira alértannos da talla e depósito de madeira nas inmediacións da estrada Nacional 550. Tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, a provisión de madeira nas proximidades dunha das vías de maior densidade de tráfico do noso municipio, o converte en especialmente perigoso, o que obriga a que o

Grupo Municipal Popular pregunte ao concelleiro competente sobre a orixe e responsables de tal depósito e as medidas que se van adoptar ao respecto.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non sabe cal é a orixe, nun primeiro momento creron que era cousa de Fomento, pero non. As medidas ten que tomalas Fomento, dixeron que van investigar quen é o propietario, e se non o quita ou non aparece, será o propio Fomento quen o faga.

**3ª pregunta.** Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Unha vez máis, veciños do paseo marítimo do Temple refiren ao Grupo Municipal Popular dos constantes e reiterados fallos de subministración pública de luz no lugar, situación que está sendo xeneralizada en todo o noso municipio. Esta vez en concreto, máis dunha decena de farois levan máis de 15 días sen acender en menos de 100 metros. En concreto na zona do paseo marítimo superior e inferior, dende a altura da rúa Vicente Risco ata o límite co municipio de Oleiros, tal e como queda probado das fotografías que se achegan.

Razón pola cal desde o Grupo Municipal Popular se solicita que pola concelleira competente se informe sobre os motivos de tantos e tan frecuentes fallos de subministración eléctrica, tanto a nivel xeral como na zona indicada, onde tamén se observan farois que só contan co poste sen luminaria.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, pregunta de cando é a foto, porque o martes pasou, hoxe tamén pasou Instelec, e hai dous que non tiñan o globo, unha por accidente e outra que se queimou, pero din que dende principios de ano non viron nada.

Di que anteriormente si, pero foi por un problema do transformador de Fenosa. Reitera que Instelec informa que desde principios de ano non detectaron nada.

Don Juan María Abalo Castex indica que foi hai unha semana ou quince días.

Dona Elisa Pestonit Barreiros manifesta que pasará o aviso a Instelec.

### Preguntas do C's

**1ª pregunta.** Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Tiveron coñecemento membros do Goberno de Cambre das gretas provocadas nunha vivenda próxima durante a construción do pavillón de Anceis?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que si, verbalmente.

**2ª pregunta.** Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Quen foi a empresa construtora?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non o saben.

**3ª pregunta.** Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Son coñecedores de quen supostamente propuxo ou propuxeron un acordo económico en efectivo á propiedade danada?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non.

## COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

### Preguntas do PP

**1ª pregunta.** Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Tralo expurgo levado a cabo nas bibliotecas de Cambre e o traslado dos fondos bibliográficos, material e mobiliario dende a Biblioteca Central de Cambre á súa nova localización na Casa da Cultura, as previsións de apertura desta última situábanse a finais do mes de xaneiro, como o demostra a programación de actos previstos para este mes de febreiro.

Dende hai uns días, a páxina web do concello informa que as actividades para os máis pequenos previstas para o día 19 deste mes na Biblioteca Central de Cambre, trasládanse ao salón de plenos do concello.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se solicite á concelleira de Cultura, informe sobre os motivos do atraso na apertura da Biblioteca Central de Cambre respecto da data inicialmente prevista.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que se trata dun proxecto de grande envergadura, non é só un traslado de material, senón que se requiren máis actuacións. Téñense atopado con imprevistos e están intentando resolvelos á maior brevidade posible.

**2ª pregunta.** Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Á vista do prexuízo ocasionado aos usuarios da Biblioteca Central de Cambre co desmantelamento das súas instalacións na súa antiga localización desde o pasado 23 de decembro, desde o Grupo Municipal Popular interésase que pola concelleira de Cultura se informe sobre as datas previstas para a súa apertura nas novas instalacións da Casa da Cultura.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que non poden dar unha data concreta. Cando se solucionen os imprevistos, comunicaránllelo.

**3ª pregunta.** Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Membros da Concellería de Benestar Social do noso concello mantiveron unha reunión coa secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella, no día de hoxe, razón pola cal, desde o Grupo Municipal Popular se solicita que pola concelleira de Benestar Social se informe sobre o resultado da dita reunión.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira de Benestar Social, contesta que foi o resultado da solicitude dunha reunión para presentar a creación do Centro de Información á Muller. Presentáronlle os planos, e a parte, como o 31 de xaneiro saíu unha subvención da Unión Europea para isto, mirouse ben e buscouse un compromiso da Consellería para que se faga un CIM no Concello de Cambre.

Invitóuselles a que acudiran ás mesas de violencia de xénero. Tamén lles dixo que mañá hai un acto na Coruña, e que ían ter unha relación boa para que en febreiro do vindeiro ano o concello puidese entrar nas liñas de subvención.